

1. INFLUENCIA DO PXOM NO MEDIO NATURAL

Dende a aparición da especie humana, o medio natural foise vendo altamente influenciado pola acción antrópica ao longo do tempo, sendo sucesivamente alterados os ecosistemas por ela.

A variabilidade espacial da biodiversidade é a resposta a unha serie de procesos que interactúan a escalas temporais e espaciais. Historicamente esta variabilidade espacial era consecuencia de fenómenos naturais tales como movementos tectónicos ou glaciacións nas eras anteriores, as respostas das especies a estímulos do medio ou razóns funcionais como a interacción entre as especies. Hoxe en día, estas variacións espaciais, débense principalmente ás alteracións que o home provoca nos ecosistemas naturais. Véndose incrementadas estas alteracións dun xeito exponencial dende a revolución industrial.

Así as continuadas e cada vez máis frecuentes alteracións que o home provoca nos ecosistemas terrestres están a causar a disgregación de ecosistemas complexos dando paso á constitución dun gran mosaico de diferentes hábitats (case sempre de reducidas dimensións e incomunicados entre sí) nos que se ve dificultada a supervivencia das especies.

2. ESPAZOS NATURAIS

No anteproxecto do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) do concello de Cabanas fálase en diversas ocasións de dar protección ao patrimonio natural e paisaxístico; máis á hora de facer a proposta de clasificación do solo rústico, unicamente se dota de protección ás fragas do Eume (dclarado xa na súa meirande parte Parque Nacional), e unha pequena zona do do río Beelle.

Propostas:


1. As grandes extensións de bosque autóctono foron invadidas por especies alóctonas de crecemento rápido e de interese forestal para a industria madeireira (as especies máis importantes, por orde de maior a menor superficie ocupada, son *Eucalyptus globulus* e *Pinus radiata*). Nembargantes, as plantacións exclusivas de estas dúas especies ocupan unha superficie ínfima dentro deste territorio, atopándose individuos dispersos nos montes formados maioritariamente polas especies autóctonas.

Dentro da zona denominada como solo rústico entendemos que o Solo Rústico de Protección de Augas está ben delimitado nos catro ríos principais (Eume, Beelle, Baa¹ e Castro), máis sería recomendable a calificación dunha zona de afeción (superior á zona de policía) como Solo Rústico de Protección de espazos Naturais, de xeito que poidan soportar poboacións estables de especies animais e vexetais autóctonas. Nestes espazos naturais pódense distinguir dous tipos de zonas ben diferenciados:

O primeiro é o “**hábitat de ribeira**”, que se desenvolve ao redor dos diferentes ríos e regatos presentes nestas terras. O seu estrato arbóreo está formado por salgueiros, ameneiros, abeleiras e bidueiras, espiño branco, podendo atopar algunhas especies presentes no hábitat de bosque. O estrato arbustivo é similar ao presente no hábitat de bosque. En canto ao estrato herbáceo, atopamos múltiples especies entre as que destacan distintas variedades de fentos e de Iris.

O segundo é o “**hábitat de bosque propiamente dito**”, onde o estrato arbóreo está constituído maiormente por carballos, castiñeiras, bidueiras, freixos ou piñeiro do país (considerado como autóctono) entre outros, e atopando mesturado entre estes o

¹ O río Baa presenta unha gran importancia, porque a pesar de ser pouco caudaloso e ter pouco percorrido ao seu paso polo concello de Cabanas, inflúe en dous concellos augas abaixo (Fene e Mugardos) chegando a ter unha lonxitude duns 9 Km e un caudal superior ao do río Castro.



eucalipto. Tamén se atopa en menor cantidade algún teixo e acivro. O estrato arbustivo está composto por matogueiras de toxos e xestas, atopando tamén outras especies como o codeso e distintas variedades de espiños. O estrato herbáceo está formado por fentos e queirugas e múltiples especies herbáceas.

Ao mesmo tempo, nos treitos medios dos ríos podemos atopar un terceiro tipo de zonas: **os pasteiros e que conforman un hábitat** que, en xeral, medran de modo espontáneo: aquí podemos atopar especies de gramíneas ou leguminosas entre outras, asociadas a terras de regadío, que ou ben aproveitan as augas dos ríos e regatos que cruzan estas terras e dos seus afluentes naturais, ou ben mediante canles artificiais que permiten a chegada da auga ás zonas precisas. Estes espazos son tamén interesantes porque aquí é onde se soen asentar elementos arquitectónicos de gran valor etnográfico como poden ser os muíños (considerados neste anteproxecto de PXOM como susceptibles de protección).

2. A seguinte proposta consiste na ampliación dos espazos propostos no punto anterior, de tal xeito que se poidan unir estes catro espazos diferenciados inicialmente para acadar unha interacción entre as poboacións dos distintos hábitats favorecendo variabilidade xenética das especies que cohabitan no medio.


3. PATRIMONIO ARQUEOLÓXICO

Do mesmo xeito que nos espazos naturais, neste eido a zona do río Baa é a gran esquecida neste anteproxecto. A escasos metros da conca fluvial do río Baa atópase o chamado marco de San Lourenzo², un dolme baixo no que se presupón ten lugar o emprazamento dun túmulo prehistórico. A poucos metros deste pódese atopar tamén un campo de mámoas, que en conxunción co Castro de Prismos forman parte dun patrimonio etnográfico e arqueolóxico de gran interese cultural da comarca.

Propostas:

1. **A creación dunha Zona Rústica de Protección do Patrimonio**, rodeada dunha zona de afección ampla debido á riqueza de restos arqueolóxicos existentes na zona e en previsión da existencia de máis restos dos que non se teña coñecemento na actualidade.
2. As civilizacións ás que pertenceron estes restos enténdese que escollían os seus asentamentos en función dunha serie de características que facían especiais estas zonas: a defensa, sumministración de alimento e auga, motivos relixiosos,..., polo que **se debería crear unha área de influencia a redor da Zona Rústica de Protección do Patrimonio** e a súa zona de afección; de cara a permitir que un futuro levantamento destes xacementos se integrase dentro do entorno natural o menos alterado posible. Deste xeito poderíanse recrear as condicións de vida tanto o castro como os túmulos e demais restos arqueolóxicos habitados no seu día. Ao mesmo tempo esta zona debería estar unida coa zona do río Baa catalogada anteriormente como Solo Rústico de Protección de espazos Naturais, creando un entorno no que se integrara o patrimonio arqueolóxico e o natural.

² O marco de San Lourenzo está situado nos límites das parroquias de Limodre, Maniños (no Xoncello de Fene), San Mamede de Laraxe e San Martiño do Porto (estas últimas pertencentes ó concello de Cabanas).



4. CAMIÑO DE SANTIAGO (CAMIÑO INGLÉS)

Unha vez máis fálase da protección dun ben integrado na zona rural sen especificar en que vai consistir dita protección.

O Camiño de Santiago foi dende hai moitos séculos unha vía de integración entre distintas culturas cun gran valor tanto etnográfico como arqueolóxico e da natureza. Ao longo destas últimas décadas o camiño sufriu un proceso de desnaturalización, sendo colonizado por urbanizacións, polígonos industriais, estradas,..., perdendo deste xeito parte do encanto que rodeaba a travesía emprendida polos peregrinos.

Propostas:

3. **A creación dunha Zona Rústica de Protección do Patrimonio**, que englobe o camiño de Santiago no seu paso polo concello de Cabanas e que lle brinde unha protección efectiva que evite máis agresións urbanísticas.
4. **A creación dunha zona de afección a ambas beiras do camiño de Santiago** catalogada como Solo Rústico de Protección de espazos Naturais, que faga de corredor verde entre as zonas protexidas de Solo Rústico de Protección de espazos Naturais do río Castro e o río Baa, que favoreza o tránsito de especies entre ambos espazos así como as interaccións entre as distintas poboacións das especies que habitan nos distintos hábitats.

5. POLÍGONO INDUSTRIAL DE VILAR DO COLO

Neste anteproxecto fálase varias veces deste polígono e da necesidade da súa ampliación aludindo ao esgotamento do solo que ocupa.

En primeiro lugar, cómpre dicir que dito esgotamento non se basea en datos obxectivos sobre as actividades desenvolvidas nas parcelas, é dicir: se anúnciase por activa e por pasiva que as parcelas do polígono están na súa maior parte vendidas, pero non se dán datos das naves que están sen rematar de construír ou as que se atopan en venda e aluguer.

En segundo lugar, se fala dos polígonos industriais existentes nos concellos limítrofes, pero non se ten en conta que a poucos quilómetros se atopa o polígono do Río do Pozo, un dos máis grandes de Galicia, ou o de Bergondo, ou nas inmediacións de Valdoviño, Ferrol, As Pontes, Somozas,..., que dan lugar a unha superficie industrial inmensa e que non se atopa ocupada ao 100%.

A pirámide poboacional galega, está variando, cun descenso na base moi notable, aumentando a porcentaxe de maiores de 65 anos, situación á que non é allea esta comarca, polo que a previsión é dun descenso poboacional nos próximos anos.



Propostas:

1. A elaboración dun estudo no que se detalle o nivel de ocupación das naves e as distintas edificacións que conforman o polígono.
2. Elaborar un estudo real do solo Industrial sen ocupar (non sen vender ou sen edificar, senon ocupado por empresas que teñan o seu negocio instalado e funcionando) que hai na zona ártabra á que pertence Cabanas.
3. Elaborar un estudo real, baseado na variación poboacional aludida, no que se faga unha previsión a medio e longo prazo das necesidades a nivel empresarial da comarca.
4. En función dos puntos anteriores, **desaconséllase a ampliación do polígono industrial** ata que non existan estudos claros que indicasen;
 - a. Un esgotamento **real** da súa superficie “en funcionamento”.
 - b. Que as previsións poboacionais á alza xustificasen a necesidade de máis solo industrial.
 - c. Que a masificación de macroestructuras destas características que ofrecen unha oferta suficiente de parcelas para as distintas actividades industriais de todo o entorno atopasen tamén o seu solo esgotado e en funcionamento.

6. INFRAESTRUCTURAS E TRANSPORTE DE ENERXÍA

As liñas eléctricas causan un impacto visual bastante alto, tanto esteticamente como pola xeración de campos electromagnéticos prexudiciais para os seres vivos.

O gaseoducto crean un efecto visual negativo para o entorno.

Propostas:

5. Promover o soterramento das liñas de alta, media e baixa tensión, por esta orde de prioridade para contribuir a elevar a calidade de vida e a cohesión social da poboación.
6. Crear zonas verdes ao longo dos tramos de gaseoducto aproveitables para a realización de deportes na natureza.